

A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG do 29 de setembro de 2021), da Dirección Xeral de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, realizarase neste Centro a **renovación parcial do CONSELLO ESCOLAR**, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

Segundo o Artigo 2º da citada Resolución a **elección dos representantes** dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar celebrarase **entre o 22 e 26 de novembro de 2021**, ambos os dous incluídos.

A organización e supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, **entre os días 2 e 5 de novembro de 2021**, e que debe estar integrada por: a directora do Centro, un docente, unha nai, pai ou titor/a legal e un representante do persoal de administración e servizos. Os tres últimos serán designados por sorteo segundo se establece no artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril e a nova redacción do Decreto 324/1996 do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo**, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 21 de outubro, venres, ás 9:30 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Unha vez constituída, a Xunta Electoral, segundo o artigo 31 do Decreto 92/1998 do 28 de abril e a nova redacción do Decreto 324/1996 do 26 de xullo, procederá a aprobar e publicar os Censos Electorais, concretará o calendario electoral, ordenará o proceso, admitirá e proclamará as candidaturas, promoverá a constitución das distintas mesas electorais, resolverá as reclamacións e proclamará aos candidatos.

Animámoslos a que presenten as súas candidaturas para poder participar, así, na vida escolar do centro e contribuír a un mellor funcionamento do mesmo.

Vilaboa, 19 de outubro de 2021.

A Directora

Alicia González García